

Canto afecta o tráfico ao aire que respiras?

xoves, 20 decembro, 2018 - 16:20

Un novo consorcio europeo integrado por nove organizacións de España e Italia desenvolverá solucións innovadoras para analizar a variabilidade nos fluxos do tráfico rodado, co propósito de ofrecer a cidadáns e administracións unha estimación robusta, rápida e fiable sobre os niveis de contaminación e a calidade do aire.

400.000 persoas falecen cada ano en Europa por mor da contaminación. Un problema de saúde pública de primeira orde que xera gran preocupación nos países desenvolvidos, onde os trastornos asociados á mala calidade do aire son xa a principal causa ambiental de morte prematura na Unión Europea.

A Comisión Europea (CE) deu a voz de alarma en 2013 coa posta en marcha dun novo paquete de políticas de aire limpo (**Paquete Aire Puro**), que instaba aos Estados membros a tomar medidas para garantir unha boa calidade do aire e salvagardar a saúde pública; establecíanse así límites de emisións para un dos compostos máis contaminantes, o dióxido de nitróxeno (NO₂), cuxa maior concentración procede do tráfico rodado.

Cinco anos máis tarde, e a pesar dos esforzos da Administración comunitaria, a situación é a día de hoxe particularmente crítica nalgúns estados membros como España e Italia, tendo en conta que excederon reiteradamente os límites fixados ante as súas dificultades para cumprir cos obxectivos europeos. Neste contexto de máxima urxencia (ciudades como Madrid víronse obrigadas a activar o protocolo anticontaminación en varias ocasións ao longo dos últimos meses) xorde o proxecto europeo de investigación **TRAFAIR**, unha iniciativa conxunta entre administracións públicas e universidades de ambos os países que aúna esforzos para comprender o impacto que teñen os fluxos de tráfico na calidade do aire.

O proxecto, que conta coa participación do **CITIUS** (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago) preséntase como unha alternativa para optimizar as estratexias de control e aumentar a conciencia social sobre un problema crecente. O seu máximo responsable en Santiago, o investigador **José Ramón Ríos Viqueira**, explica o obxectivo global do consorcio desde o seu grupo en Campus Vida (COGRADE - Computación Gráfica e Enxeñería de Datos): «o que pretendemos con este proxecto é desenvolver un novo método capaz de ofrecer aos cidadáns e as administracións públicas unha estimación óptima do grao de contaminación, xerada en base ás diferentes condicións do tráfico»; «a nova ferramenta combinará as condicións climáticas, os fluxos de tráfico e outras fontes de emisión para proporcionar unha estimación rápida e fiable do nivel de polución a escala urbana, validando os resultados cun sistema de sensorización da calidade do aire innovador e de baixo custo».

Galicia achega tres dos catro socios españois

O novo servizo, froito dos resultados de investigación do proxecto TRAFAIR, despregarase nas cidades españolas de Santiago de Compostela e Zaragoza e as italianas Florencia, Módena, Livorno, e Pisa. O proxecto está liderado pola **Universidade de Módena e Reggio Emilia** (UNIMORE) e conta con nove socios, un total de catro institucións públicas por país e unha empresa de servizos. No que respecta á parte española, xunto ao CITIUS participan tamén o CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia), o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Zaragoza.